

## **Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.**

**Ficha documental da epistola de Luís Seoane, a Ricardo Palmás do 12/09/1978**

**Colección:**

**Data:** 12/09/1978

**De:**

Luís Seoane;

**Para:**

Ricardo Palmás;

**Orixe:**

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

**Destino:**

Londres (local), Gran Londres (rexional), Inglaterra (nacional)

**Temáticas:**

Artes; Artes visuais; Autores/as; Espazos artísticos; Exposición de Luis Seoane. Bos Aires. 1978. Galería Bonino; Exposición de Luís Seoane. Bos Aires. 1978. Galería Imágen; Exposición de Luís Seoane. Bos Aires. 1978. Galería Portinari; Exposición de Luís Seoane. La Plata. 1978; Galería Twenty Brook Street; Masonaría;

**Mencionados:**

Marcial del Adalid; Georges Braque; Rafael Dieste; Natalia Goncharova; Lariónov; Henry Moore; Ramón Otero Pedrayo; Pablo Picasso; Herbert Read; Harold Rubin; Maruxa Seoane; Jerzy Topolski; Virginia Woolf;

---

## **Transcripción da epistola de Luís Seoane, a Ricardo Palmás do 12/09/1978**

[Carta mecanografada]

Buenos Aires, 12 de setembro de 1978

Sr. Ricardo Palmás  
Londres

Benquerido Palmás:

Contesto uns vinte días despois á carta urxente que me remitíu pedíndome algunha bibliografía en castelán sobre a miña obra, para John Purkis. Vivín en Richmond no 49, e fixen unha mostra na Galería Twenty Brook Street, que creo desapareceu e tiña un salón adicado a figuríns e bocetos de decoracións de ballet, dibuxos e

acuarelas de Larionov, a Gontcharova, Picasso, Bracque, etc., e un subsuelo onde se facían mostras de arte contemporáneo. Estaba dirixida por un ex Maior do exército británico. Mister Rubín, non me lembro o nome. Unha boa persoa por quen coñecín algunha xente, e que sorprendeuse moito cando rechacéi que viñese un guitarrista e unha actriz pra inauguración, pedíndolle un gaitero, pois supoñía ás gaitas como do exclusivo uso dos escoceses. Entón coñecín, de paso, moita xente inglesa, Herbert Read, Moore, Topolski, etc. A miña mostra tuvo o éxito que pode ter un pintor descoñecido, unhas poucas eloxiosas notas, unha de elas moi boa, de Dieste que vivía entón en Londres, e vendín algunhas obras. Tería moito que falar desa cidade e do movemento pictórico que sucedeu á guerra.

Eu matino que D. Ramón e Virxinia Wo[o]lf atopáronse en Galicia. Non sei ben por qué. Coñezo, dende logo, o traballo de Otero Pedrayo. En canto ós liberales houbo moitos galegos desterrados en Londres, e sei que algúns deles exerceron a enseñanza, seguramente de español e interviron na redacción das “cartillas” pra escolas que eloxiou Sarmiento no Senado. Aparte do músico Marcial del Adalid, como os outros desterrado por masón e liberal en Londres.

Este ano fixen exposicións en Rosario, na Plata, unha de grabados no Centro de Estudios Brasileños, outra agora en Bonino, e, o 2 de Outubro farei unha de grabados na Galería Imágen. Probablemente sean as derradeiras que farei por unha longa tempada en Buenos Aires. Tamén publico un libro con 72 grabados con temas galegos nesta cidade. Saldrá en Novembro.

Esto é todo. Contésteme si recibíu os libros. Con este remito tres diapositivas. Unha aberta con saúdos de Maruxa, de:

[Seoane]

---

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.